

Programación de 2º nivel de Educación Primaria

Curso 2022 – 2023

ÍNDICE

Páxinas

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	3
3. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E OS VALORES.....	4
4. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	4
5. PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS.....	5
ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	7
ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.....	25
ÁREA DE MATEMÁTICAS.....	42
ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.....	58
ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.....	74
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.....	95
6. TEMPORALIZACIÓN.....	101
7. METODOLOXÍA.....	104
8. ACTIVIDADES.....	106
9. A AVALIACIÓN.....	106
10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	108
11. INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	108
12. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	110
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	110
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	112
15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	112
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROYECTO LECTOR.....	113
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	114
18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	114
19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROYECTO LINGÜÍSTICO.....	114
20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	114
21. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	115
22. PLAN DE CONTINXENCIA	
ANEXOS	

1.-CONTEXTUALIZACIÓN.

A seguinte programación marcará as pautas de actuación que, como docentes, debemos levar a cabo cos/cas nosos/as alumnos/as, co fin de desenvolver a súa personalidade integral; tendo en conta o contexto no que se atopan, sendo este un CEP de liña catro, ubicado no núcleo urbano da cidade de Vigo.

(A contextualización enviarase de modo xenérico para tódalas programacións do Centro).

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

- Número total de alumnado: 80
- Agrupamentos: dúas aulas de 20 alumn@s, unha de 21 e outra de 19.
- Necesidades: alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e con condicións persoais que precisan respostas educativas diferente ás ordinarias, activándose os protocolos precisos que establece a lexislación vixente.

2.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

De acordo co disposto na LOMCE, as competencias clave forman parte das ensinanzas mínimas da educación obrigatoria, xunto cos obxectivos de cada área ou materia e os seus contidos. Polo tanto, non substitúen os elementos que actualmente se contemplan no currículo, senón que os completan formulando un enfoque integrado e integrador de todo o currículo escolar. As competencias clave concíbense como un conxunto de habilidades cognitivas, procedementos e latitudinais que poden e deben ser acadadas ó longo da enseñanza obrigatoria por todo o alumnado, respectando as súas características individuais.

Estas competencias clave non son independentes unhas das outras . Algúns elementos delas complementáanse e abordan perspectivas complementarias. Como norma cada unha das áreas ha de contribuír ó desenrolo das diferentes competencias e, a súa vez cada unha das competencias alcanzárase como consecuencia do traballo nas diferentes áreas ou materias.

Establecéronse sete competencias claves :

- *1º Comunicación lingüística (CCL)*: Esta competencia propicia que os alumnos sexan capaces de expresar sentimentos, emocións, opinións, usar o diálogo, a lectoescritura como fonte de información e ocio e que poidan comunicarse de forma oral e escrita.
- *2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)*: Uso da capacidade para resolver problemas relacionados coa vida cotiá, e o uso da tecnoloxía posibilita o coñecemento e interacción do mundo físico.
- *3.º Competencia dixital (CD)*: Implica o uso creativo, seguro e crítico das tecnoloxías da información.
- *4º Aprender a aprender (CAA)*: Caracterízase pola habilidade de iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe sendo o alumno o protagonista do proceso.

- *5º Competencias sociais e cívicas (CSC)*: Implica a habilidade e capacidade para interaccionar coas persoas e resolver conflitos a través do respecto mutuo.
- *6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*: Implica a capacidade de transformar ideas en actos de forma creativa, xestionando riscos e tomando decisións de xeito responsable.
- *7º Conciencia e expresións culturais (CCEC)*: Supón coñecer e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas.

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.

3. -OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E OS VALORES

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir. Traballaremos especialmente o valor da paz, a convivencia, o respecto, a solidariedade e a igualdade fomentando o traballo cooperativo e inclusivo .

4.- OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

5. PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS

A continuación preséntase a programación das áreas impartidas polas titoras : **Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Matemáticas e Valores Sociais e Cívicos**. As programacións das áreas impartidas polos/as profesores/as especialistas figuran nas programacións remitidas polos/as mesmos/as.

As programacións organízanse segundo o seguinte esquema :

- ★ Obxectivos,
- ★ Contidos e temporalización trimestral dos mesmos.
- ★ Criterios e instrumentos de avaliación, estándares do curso, competencias que desenvolven e os indicadores de logro.
- ★ Atención a diversidade.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

OBXECTIVOS

A través da programación da área de lingua galega e literatura para o presente curso, preténdese contribuir a acadar os obxetivos xerais de etapa anteriormente mencionados.

OS CONTIDOS

A área de Lingua Galega e Literatura articúlase en cinco bloques:

- Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.
- Bloque 2. Comunicación escrita: ler.
- Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

CURRÍCULO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA 2º PRIMARIA

No seguinte cadro, recóllense os elementos do currículo e a maneira de relacionárense entre si (obxetivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave) pertencentes á área de lingua galega e literatura no 2º curso de educación primaria.

CURRÍCULO DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º PRIMARIA				
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
OBXETIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
a, e	B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato	B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.	CCL CAA CSC
b, d, e, i	B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sin xelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.	B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	CCL CD CAA CSC
a, b, c, e, o	B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión. LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	CCL CAA CSC CSIEE
a, c, e, o	B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.	B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper. LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.	CCL CSC
a, c, d, e	B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do	B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o	CCL CSC CAA CCEC

	tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).		seu uso fóra dela. LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. LGB1.5.6. Participa na con-ersa formulando e contestando preguntas.	
a, b, c, o	B1.6. Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL CAA
b, d, e	B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.7.1. Aмосa respecto ás achegas dos e das de-mais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL CAA CSIEE
e, o	B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.8. Interesarse por amo-sar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	CCL CAA CCEC CSIEE
a, d, e, o	B1.9. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferen-zas, en especial ás referentes ao xé-nero, ás razas e ás etnias	. B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e res-pectuosa coas diferenzas.	LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e se-xista evidente. LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	CCL CSC
a, d, e, o	B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos con-textos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	CCL CCEC CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
b, e, l, j, o	B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia. B2.3. Localización de información en textos para aprender	B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL CD CSC CAA CSIEE

	vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).		LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	
b, e	B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL CAA CSC CSIEE CMCT
a, b, e	B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. B2.6. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.	B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.	CCL CAA
a, b, e, i	B2.7. Introducción ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da bi-blioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	CCL CAA CSC
a, b, e	B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.	<input type="checkbox"/> B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros	CCL CAA CSC
a, b, e, o	B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.	B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	CCL CAA CSC CCEC
a, b, e, m, o	B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.	B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas prefe-rencias lectoras.	CCL CSC CAA CSIEE
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR				
a, b, e, o	B3.1. Producción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios	B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de	CCL CSIEE CAA CSC

	de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais). B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto. B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).		xeito creativo. LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	
a, b, e, j, o	B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL CSC CCEC CAA CSIEE
b, d, e, i, j	B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.	B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	CCL CD CAA CSIEE
b, e, i, j	B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.	B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CD CSIEE
a, b, e, i	B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL CD CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
e	B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio. B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. LGB4.1.4. Señala o xénero e número de palabras dadas.	CCL CAA

b, e	B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	CCL CSC CCEC
e	B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	CCL CAA
a, d, e, h, m	B4.6. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	CCL CCEC
a, d, e, h, m	B4.7. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CAA
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
b, d, e, o	B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de co-municación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL CAA CCEC
b, d, e, i	B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL CCEC CD
b, e	B5.4. Recreación e composición de poemas sinxelos e relatos breves para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.	LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	CCL CCEC CSC
b, d, e	B5.5. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	CCL

a, d, e, o	B5.6. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC
a, d, e, o	B5.7. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. B5.8. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.	B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	CCL CCEC

TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

No cadro que sigue, distribúese a temporalización, ao longo dos 3 trimestres, das 14 unidades didácticas de lingua galega e literatura.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. 1º TRIMESTRE. UNIDADES 1 – 4.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE
<p>B.1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR. Análise oral da imaxe inicial. Vocabulario: parques infantís, aire libre, xogos e as suas normas, clínica veterinaria. escoita adecuada. Pronuncia e entoación adecuada na lectura. Asociación imaxe-descripción. Pronuncia correcta da contracción <i>ao/aos</i>. Presentación, felicitacións, expresión de experiencias persoais, valoración da amizade, opinión persoal sobre normas do xogo, conversa sobre coidado de animais, expresións de ánimo e consolo, intervencións na aula e respecto polas opinións dos demais.</p> <p>B.2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER. Lectura comprensiva do texto inicial, apoiándose na imaxe e traballando por unha maior expresividade e autonomía lectora. Localización e comprensión explícita nos textos da unidade. Interpretación de expresións e frases feitas. Identificación dos personaxes e as súas intervencións. Comprensión e interpretación de información procedente dun mapa. Interese polos textos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.</p> <p>B.3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR Escritura dunha invitación, das normas dun xogo, dunha descripción de animais ou dunha ruta a pé, seguindo un modelo proposto. Dictados con <i>c/qu, g, punto, exclamación, interrogación, e mp e mb</i>. Decoración dunha invitación con ilustracións axeitadas. Presentación adecuada dos traballos escritos, con limpeza, claridade e orde.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ler e comprende diferentes tipos de textos, empregando a pronuncia e entoación axeitada e localizando neles información explícita (ex. Personaxes) 2. Participar oralmente en conversas, diálogos ou debates, respetando as normas do intercambio comunicativo, así como as opinións dos demais. 3. Empregar o novo vocabulario tanto na escrita coma nas intervencións orais 4. Escribir diferentes textos seguindo un modelo proposto. 5. Empregar correctamente as grafías traballadas: <i>c, que, g, mb, mp, s, x</i>, así como normas ortográficas como punto, interrogación ou exclamación. 6. Comprender o concepto de sílaba e clasifica segundo o número de sílabas dunha palabra. 7. Excribir oracións e identifica suxeito e predicado. 8.- Presentar os traballos con limpeza, orde e termina no tempo sinalado. 9. Mostrar unha actitude respetuosa cos compañeiros e profesorado. 10. Mostrar interese e esforzo polo seu traballo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lee e comprende diferentes tipos de textos, empregando a pronuncia e entoación axeitada e localizando neles información explícita (ex. Personaxes) 2. Participa oralmente en conversas, diálogos ou debates, respetando as normas do intercambio comunicativo, así como as opinións dos demais. 3. Emprega o novo vocabulario tanto na escrita coma nas intervencións orais 4. Escribe diferentes textos seguindo un modelo proposto. 5. Emprega correctamente as grafías traballadas: <i>c, que, g, mb, mp, s, x</i>, así como normas ortográficas como punto, interrogación ou exclamación. 6. Comprende o concepto de sílaba e clasifica segundo o número de sílabas dunha palabra. 7. Escribe oracións e identifica suxeito e predicado. 8.- Presenta os traballos con limpeza, orde e termina no tempo sinalado. 9. Mostra unha actitude respetuosa cos compañeiros e profesorado. 10. Mostra interese e esforzo polo seu traballo.

Redacción das respostas ás preguntas de comprensión dun texto que acaba de ler.

Escritura de oracións.

Preocupación pola ortografía e a caligrafía.

B.4. COÑECEMENTO DA LINGUA.

Utilización de terminoloxía lingüística e gramatical básica (letra, palabra, oración; vogais, consoantes).

Coñecemento do abecedario galego.

Ortografía: c/qu, g/gu/gü, punto, interrogación, admiración, mb/mp, s/x.

A sílaba: clasificación número sílabas.

Oración: recoñecemento, orde das palabras, interrogativas e exclamativas.

Diminutivos.

Suxeito e predicado: identificar e escribir.

B.5. EDUCACIÓN LITERARIA

Lectura en voz alta e silenciosa de textos narrativos, poéticos, informativos, e instructivos.

Lectura e comprensión de textos literarios.

Lectura expresiva.

Invenção dun título para un poema.

Adiviñas sobre animais tradicionais ou inventadas.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. 2º TRIMESTRE. UNIDADES 5 – 8.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE
<p>B.1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR. Análise oral da imaxe inicial. Identificación do que se fala nunha audición. Conversa guiada sobre a educación en valores: natureza, saúde, respecto. Vocabulario: espectáculos, insectos, plantas, xardíns e rúa. Expresión dunha opinión persoal. Mantemento dunha actitude de escoita adecuada. Respecto polas opinións dos e das demais nas intervencións na aula. Pronuncia e entoación adecuadas nas lecturas da unidade. Identificar a lingua galega como válida para saudar e despedirse. Descrición da situación dunha persoa nunha imaxe para que os demais adiviñen de quen se trata.</p> <p>B.2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER. Lectura e comprensión de distintos tipos de texto. Lectura en voz alta, coa pronuncia e a entoación axeitadas. Identificación dos personaxes coas súas accións, dos espazos da acción e da orde en que se dan as accións de que fala a lectura. Dedución do significado de palabras e expresións coa axuda do contexto. Interese, lectura e comprensión de textos informativos, descritivos e poéticos. Resolución de actividades interpretando información</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ler e comprender diferentes tipos de textos, empregando a pronuncia e entoación axeitada e localizando neles información explícita, deducindo o significado de palabras segundo o contexto. 2. Participar oralmente en conversas, diálogos ou debates, respetando as normas do intercambio comunicativo, así como as opinións dos demais. 3. Empregar o novo vocabulario tanto na escrita coma nas intervencións orais 4. Escribir un conto, un cartel ou unha descrición. 5. Empregar correctamente as regras ortográficas como as da maiúscula, r forte, c/z e a contracción de artigos. 6. Identificar, comprender a clasificar determinantes e sustantivos, respetando a concordancia. 7. Identificar as diferenzas na escrita de palabras en diferentes linguas. 8. Presentar os traballos con limpeza, orde e termina no tempo sinalado. 9. Mostrar unha actitude respetuosa cos compañeiros e profesorado. 10. Mostrar interese e esforzo polo seu traballo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lee e comprende diferentes tipos de textos, empregando a pronuncia e entoación axeitada e localizando neles información explícita, deducindo o significado de palabras segundo o contexto. 2. Participa oralmente en conversas, diálogos ou debates, respetando as normas do intercambio comunicativo, así como as opinións dos demais. 3. Emprega o novo vocabulario tanto na escrita coma nas intervencións orais 4. Escribe un conto, un cartel ou unha descrición. 5. Emprega correctamente as regras ortográficas como as da maiúscula, r forte, c/z e a contracción de artigos. 6. Identifica, comprende a clasifica determinantes e sustantivos, respetando a concordancia. 7. Identifica as diferenzas na escrita de palabras en diferentes linguas. 8. Presenta os traballos con limpeza, orde e termina no tempo sinalado. 9. Mostra unha actitude respetuosa cos compañeiros e profesorado. 10. Mostra interese e esforzo polo seu traballo.

procedente de ilustracións.

Valoración da importancia da lectura como fonte de información e diversión.

B.3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

Redacción das respostas ás preguntas de comprensión

Elaboración dun cartel dun acontecemento.

Escritura dun conto seguindo uns pasos dados.

Elaboración dunha descrición a partir dun modelo e unhas preguntas.

Explicación das características dun personaxe fantástico.

Presentación adecuada das actividades escritas.

Dictados coas regras ortográficas coñecidas.

Ortografía: maiúsculas, R forte, contracción dos artigos.

Presentación de traballos con limpeza, claridade e orde.

B.4. COÑECEMENTO DA LINGUA.

Pronomes persoais, sustantivo (comúns, propios, individuais, colectivos, concretos, abstratos), xénero e número, determinantes, contraccións dos artigos, contraccións, concordancia.

R forte, maiúsculas, c/z.

Identificación das diferenzas na escrita de palabras en diferentes linguas.

B.5. EDUCACIÓN LITERARIA

Lectura guiada de diferentes tipos de textos para mellorar a expresividade.

Composición dun poema breve completando con pistas.

Elaboración dun conto seguindo uns pasos dados.

Escritura dunha explicación sobre un personaxe fantástico.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. 3º TRIMESTRE. UNIDADES 9– 12.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE
<p>B.1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR. Análise e comentario da lámina inicial. escoita atenta dunha audición. Conversa guiada sobre educación en valores: evitar perigos, reciclaxe, patrimonio, coidar os xoguetes. Participación en diferentes situacións comunicativas: debates, diálogos, etc. Vocabulario: río, antigüedad, xoguetes. Explicación de como se poden reutilizar diferentes obxectos. Formulación de preguntas poñéndose no lugar dun xornalista. Explicación do funcionamento dun xoguete. Publicidade. Respecto polas opinións dos e das demais nas intervencións na aula. Respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. Discriminación dos sons da grafía x.</p> <p>B.2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER. Lectura en voz alta dun conto, prestando atención ás sílabas tónicas ,os signos de puntuación, esforzándose en adquirir velocidade lectora, Identificación dos personaxes cos seus actos,dos espazos e da orde en que se dan as accións de que fala a lectura. Dedución do significado de palabras e expresións coa axuda do contexto. Búsqueda de textos na biblioteca o en Internet. Valoración da importancia da lectura como fonte de información e diversión. Interese e valoración de diferentes tipos de textos como o cómic ou o texto informativo.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ler e comprender diferentes tipos de textos, empregando a pronuncia e entoación axeitada e localizando neles información explícita, deducindo o significado de palabras segundo o contexto. 2. Participar oralmente en conversas, diálogos ou debates, respetando as normas do intercambio comunicativo, así como as opinións dos demais. 3. Empregar o novo vocabulario tanto na escrita coma nas intervencións orais 4. Formular preguntas correctamente. 5. Cumprir coas normas ortográficas estudadas ao longo do curso. 6. Elaborar diferentes tipos de textos traballados ao longo das unidades. 7. Recoñecer os adxetivos e os verbos, e empregalos en pasado, presente e futuro. 8.- Presentar os traballos con limpeza, orde e termina no tempo sinalado. 9.Mostrar unha actitude respetuosa cos compañeiros e profesorado. 10.Mostrar interese e esforzo polo seu traballo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lee e comprende diferentes tipos de textos, empregando a pronuncia e entoación axeitada e localizando neles información explícita, deducindo o significado de palabras segundo o contexto. 2. Participa oralmente en conversas, diálogos ou debates, respetando as normas do intercambio comunicativo, así como as opinións dos demais. 3. Emprega o novo vocabulario tanto na escrita coma nas intervencións orais 4. Formula preguntas correctamente. 5. Cumpre coas normas ortográficas estudadas ao longo do curso. 6. Elabora diferentes tipos de textos traballados ao longo das unidades. 7. Recoñece os adxetivos e os verbos, e empregalos en pasado, presente e futuro. 8.- Presenta os traballos con limpeza, orde e termina no tempo sinalado. 9.Mostra unha actitude respetuosa cos compañeiros e profesorado. 10.Mostra interese e esforzo polo seu traballo.

Lectura dramatizada dun texto dialogado.

B.3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

Presentación adecuada das actividades escritas da unidade.

Redacción dunha carta, elaboración de carteis con mensaxes medioambientais, etiquetas de elementos dun catálogo e elaboración do propio catálogo empregando o ordenador, instrucións para construír un xoguete, Realización de actividades para practicar o uso de *br* e *bl*, *da* e *x*.

Copia de textos ao ditado para aplicar os coñecementos ortográficos da unidade e tamén os de unidades anteriores nun ditado acumulativo.

B.4. COÑECEMENTO DA LINGUA.

Adxetivo e verbo. Palabras compostas. A coma.

Comparación implícita dalgunhas diferenzas entre galego e castelán en canto aos grupos *br* e *bl*, *ie* e *ll*,

Coñecemento e asimiliación das palabras que se escriben con *x*.

Cumprimento das normas ortográficas vistas en unidades anteriores.

Recoñecemento de diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.

B.5. EDUCACIÓN LITERARIA

Lectura guiada para mellorar a expresividade e a autonomía lectora.

Fábula e cómic: características.

Inventar o final dun conto.

Escribir unha estrofa dun poema. Identificación dos versos e palabras que riman.

MÍNIMOS ESIXIBLES DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

- ♣ Le textos con articulación, ritmo e entoación axeitada.
- ♣ Comprende e interpreta a mensaxe dun texto escrito
- ♣ Constrúe frases con sentido e vocabulario axeitado.
- ♣ Escribe un texto axeitado ao nivel.
- ♣ Escribe con caligrafía clara e lexible coidando a presentación e orde nos traballos.
- ♣ Escribe coa ortografía básica do nivel (separar palabras, maiúsculas, sinfóns-trabadas, MP-MB,BL-BR).
- ♣ Realiza ditados coa ortografía axeitada separando adecuadamente as palabras nun texto de produción libre.
- ♣ Fala e escribe con concordancia gramatical.
- ♣ Ten adquiridas as habilidades e destrezas necesarias para que poida afrontar o seguinte curso coa autonomía axeitada.

CONTIDOS TRAVERSAIS

Ao longo do curso traballaranse os seguintes elementos.

CONTIDOS TRAVERSAIS	
Comprensión lectora.	Lectura e comprensión de textos en cada unidade didáctica. Lecturas e comprensión de los textos dos libros digitais cos temas tratados Lectura e comprensión de distintos libros de lecturas
Expresión oral e escrita.	Exposición oral e escritura en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión. Expresión oral e escritura das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso. Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.
Comunicación audiovisual.	Proxección de diferentes videos explicativos de diferentes temas. Interpretación de imáxenes, táboas, esquemas, gráficas...
Tecnoloxías da Información e da Comunicación	Utilización do libro dixital. Utilización de recursos interactivos do blog do ciclo. Utilización de recursos da red: Aproveitamento de recursos educativos en Internet: búsqueda de imáxenes, información ...

Actitude emprendedora.	Escribe, de forma creativa, frases e pequenos textos Organiza e planifica o discurso acomodándose aos diferentes modos discursivos (narrar, exponer, describir, informarse, dialogar)
Educación cívica e constitucional.	Desenvolver actitudes e comportamentos cívicos e responsables co seu entorno e nas actividades diarias. Cumprir as normas xerais da aula. Respetar as normas do intercambio comunicativo (quenda de palabra, as intervención dos compañeiros...) respetando as ideas dos demais. Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que nos rodean, coa diversidade de culturas e formas de vida. Prevenición de comportamentos e estereotipos que supoña discriminación sexista. Evitar situación motivadas polo uso inadecuado das TIC. Comprensión e respecto a la importancia do traballo en equipo e colaboración. Orde e colocación do seu material, do material común, da biblioteca de aula. Defensa os dereitos e os deberes de cada membro da sociedade, valorando o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia. Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio para establecer e mellorar a relación cos demais. Valorar a diversidade lingüística do Estado como un feito cultural enriquecedor.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

- o **Ensinada individualizada.** Actividades de reforzo propostas na guía didáctica e adecuadas ás necesidades do alumnado.
- o **Outras medidas de atención á diversidade.** Programa de ampliación do proxecto de *Ensinanza individualizada* correspondente á unidade. Actividades de ampliación propostas na guía didáctica.

METODOLOXÍA

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS		
MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTOS
Modelo discursivo/expositivo. Modelo experiencial. Obradoiros.	Actividade e experimentación. Participación. Motivación.	Tarefas individuais. Agrupamento flexible. Parellas.

Aprendizaxe cooperativa. Traballo por tarefas. Traballo por proxecto. Traballo cooperativo. Outros	Personalización. Inclusión. Interacción. Relevancia. Funcionalidade. Globalización. Avaliación formativa. Outros.	Pequeno grupo. Gran grupo. Grupo interclase. Outros.
--	--	---

A AVALIACIÓN

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN.		
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> Observación directa e sistemática do traballo diario. Análise das producións dos alumnos/as. Uso de la biblioteca de aula e do Centro Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións).. Traballo en grupo Outros. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación directa. Probas de avaliación inicial. Textos escritos. Outros documentos gráficos ou textuais. Debates e intervencións orais. Exposición Proxectos persoais ou de grupo. Representacións e dramatizacións. Rexistro do uso da biblioteca. Diario de clase. Outros 	<p>Cualificación cuantitativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> Na proba de control : a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. A avaliación inicial cualificarase da mesma maneira. <p>Cualificación cualitativa: ten como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> As probas de avaliación por competencias. A observación directa.

AVALIACIÓN : PORCENTAXES.		
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
<p>A avaliación positiva das materias pendentes estará condicionada a superar os mínimos esixibles establecidos na programación do nivel.</p> <p>Segundo o grado de adquisición das aprendizaxes básicas de lectura e escritura</p>	<p>Analizarase a evolución do proceso de ensino-aprendizaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> Esfuerzo, interese e traballo diario de clase. Valoración dos procesos seguidos e resultados. Destrezas comunicativas. Comprensión lectora e expresión oral. 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Grado de adquisición das competencias básicas. • Realización das tarefas sen axuda externa. • Orde , limpeza de presentación dos traballos. 	
Análise das producións do alumnado	Traballo diario (oral e escrito): cadernos, libro, fichas das unidades didácticas, rexistros de lectura e comprensión...Probas de avaliación específicas.	70 %
Observación sistemática do esforzo, presentación dos seus traballos, actitude, remata as actividades nos tempos marcados, comportamento e autonomía.	Diario de clase, observación directa.	30%
Cualificación total		100%

(VER ANEXOS)

MATERIAL E RECURSOS.

- Libro de Lingua Galega e Literatura . SABER FACER contigo Editorial Santillana Obradoiro
- Libro dixital
- Libros de lectura da biblioteca de aula.
- ordenador.
- CD audio con las lecturas de cada unidad.
- Tarxetas de lectoescritura, murais ilustrativos , abecedarios...
- Recursos didácticos da página web www.anayadigital.co
- Recursos aportados polo alumnado e as familias.
- Recursos de la biblioteca.
- Prensa escrita.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

OBXECTIVOS

- escoitar mensaxes orais con atención e con actitude respectuosa.
- Comprender as ideas esenciais das mensaxes.
- Expresar oralmente os seus desexos, experiencias, sentimentos e opinións de forma clara e ordenada, comezando a utilizar un vocabulario axeitado.
- Participar en situacións de comunicación oral respectando as normas básicas que regulan a interacción (quendas de palabra, formulas de tratamento sinxelas e adecuadas, respecto polas opinións alleas...).
